


Documento distribuído por
 culturagalega.org

Carta de Valerio do Bierzo aos monxes de S. Pedro onde fala da viaxe de Exeria

Tradución ao galego: José Carlos Santos Paz



Consello da Cultura Galega
Comisión de Igualdade

Pazo de Raxoi, 2 andar. 15704 Santiago de Compostela (Galicia)
Tfno: 981957202 / Fax : 981957205 / xenero@consellodacultura.org

CARTA DIRIXIDA POR VALERIO AOS MONXES DO BIERZO EN LOUVANZA DA BENAVENTURADA EXERIA¹.

Rógovos, irmáns santos e queridos de Deus, que consideredes con toda atención como a práctica frecuente de obras diversas permite obter as recompensas do reino dos ceos. Cando consideramos os feitos de virtude de homes moi fortes e santos, é máis digna de admiración á firmísima eficacia da virtude dunha muller fráxil, como a que relata a extraordinaria historia da benaventurada Exeria, máis forte que todos os homes do mundo.

En efecto, cando noutro tempo os benéficos inicios da fe católica e a inmensa claridade radiante da santa relixión, aínda que tardiamente, brillaba o extremo desta rexión occidental², esta benaventurada monxa Exeria, acendida pola chama do desexo da graza divina, mercé ao poder da maxestade do Señor, con todas as súas forzas e con intrépido corazón emprendeu unha enorme viaxe por todo o mundo. E así, avanzando pouco a pouco baixo a guía do Señor, chegou ata os santísimos e ansiados lugares do nacemento, paixón e resurrección do Señor e, atravesando diversas provincias e cidades, ata os sepulcros de innumerables santos mártires, para facer oración e edificarse co seu coñecemento.

Canto máis instruída na santa doutrina, tanto máis ardía no seu corazón a chama indescribible dun santo desexo. Recorrendo con grande avidez os volumes do Antigo e do Novo Testamento e visitando coa axuda de Deus todos os lugares que encontrou descritos onde se realizaran santas marabillas en diversas partes do mundo -provincias, cidades, montes, desertos-, avanzando con marcha ansiosa na súa peregrinación, aínda que esta durou moitos anos, finalmente chegou ás rexións orientais, visitando co maior desexo os gloriosísimos mosteiros das congregacións de santos monxes da Tebaida e tamén os santos refuxios dos anacoretas. Desde alí, ben protexida polas bendicións dos santos e reconfortada polo doce alimento da caridade, dirixiuse a todas as provincias de Exipto, buscando con grande avidez as etapas da antiga peregrinación do pobo de Israel, as grandezas de cada provincia, a súa riquísima fertilidade, as eminentes fortalezas das cidades e diversas belezaas, describindo unha a unha a fermosísima gloria de todas elas.

Despois, inflamada polo desexo de coñecer o santísimo monte do Señor, para rezar alí, seguindo os pasos dos fillos de Israel na súa saída de Exipto entrou nas vastas soidades e diversos desertos eremíticos que describe en detalle o libro do Éxodo. Onde o pobo de Israel pasou sede por tres días, camiñando sen auga, e onde por mor das súas murmuracións o Señor sacou unha auga inestimable dunha pedra durísima por medio de Moisés e, a pesar de todo, a súa fe continuou sendo ingrata, alí mesmo, no corazón desta muller sedenta de Deus comezou a manar unha fonte de auga viva que salta ata a vida eterna. E onde aquela multitude famenta recibiu por un favor divino o santo maná que caía do ceo e despreciándoo achou de menos os execrables alimentos de Exipto, alí mesmo, ela, reconfortada co alimento da palabra de Deus, dando grazas a Deus sen cesar, seguía intrépida o seu camiño. Aqueles, oíndo repetidas veces a voz do Señor, vían que a súa graza os precedía día e noite nunha columna de nube e de lume e, aínda así, indecisos pensaban volver atrás; esta, tocada unha vez pola voz evanxélica, apurábase para chegar ao monte do Señor sen dúbidas e con gozo, sen se deter por

¹ Utilizo o texto editado por M. C. Díaz y Díaz en *Valerio del Bierzo, su persona, su obra*, León, Centro de estudios e investigación San Isidoro, 2006.

² Manteño o anacoluto do texto orixinal.

ningunha vacilación. Aqueles, non podendo esperar a Moisés coa lei de Deus por espazo de corenta días, fabricáran un ídolo esculpido en lugar de Deus; esta, esperando a chegada do Señor que se producirá no final do mundo e considerándoa presente, esquecendo a fragilidade feminina, sube ao monte santo do Sinaí –de onde esperamos que no seu momento El veña entre as nubes do ceo- e con paso infatigable, levantada pola man dereita de Deus, chega á escarpada punta dese monte, cun cumio que se eleva ata a altura mesma das nubes.

E así, conducida por obra da divina piedade, chegou ao santo cumio dese rochoso monte, onde a divina maxestade, Deus omnipotente, se dignou a habitar cando ofreceu a lei santa ao benaventurado Moisés; onde, con grandes mostras de felicidade e entre continuos berros de pregarías, presentoulle a Deus ofrendas saudables e, dando infinitas grazas á súa gloriosa maxestade, continuou para ver outras cousas máis. Finalmente, despois de visitar os confíns de case todo o mundo, aínda quixo subir ao cumio doutros montes que tamén son altísimos: o Nebo, un monte moi alto semellante ao referido Sinaí, desde a cima do cal o benaventurado Moisés veu a terra prometida e, morrendo nese mesmo lugar, dise que foi sepultado por anxos.

Outro monte de enorme altura, o Farán, no cumio do cal rezou Moisés cos brazos estendidos mentres o pobo loitaba ata lograr a vitoria. E tamén a testa do inmenso monte Tábor, onde o Señor glorificado, xunto con Moisés e Elías, aparecelles aos discípulos. E outro comparable a este, moi grande, que se chama Hermón, no que o Señor acostumaba repoñer forzas cos seus discípulos. E outro moi elevado, que se chama Éremo, onde o Señor lles ensinou as benaventuranzas aos discípulos. E outro igualmente moi alto, que se coñece como monte de Elías, no que habitou o profeta Elías e estiveron escondidos cen profetas. E aínda outro semellante a estes, que se levanta sobre Xericó, igualmente consagrado polo Señor.

Ascendendo todos estes con igual determinación, como en cada un destes lugares foron construídos altares de santas igrexas, en todos os lados ofreceu os seus votos a Deus omnipotente con enorme gozo e acción de grazas. Así pois, pódese entender claramente que, mentres procuraba acadar a altura do reino dos ceos, a compañía de santas virxes no paraíso das delicias e as recompensas da graza co ardor do seu corazón, con todo o seu ser e co máximo desexo, levada infatigablemente ao cumio case inaccesible de tantos montes, grazas a Deus, soportou facilmente con ánimo fervente a aflicción dunha meta tan grande.

Quen podería pensar canto a paralizou no seu corazón o temor do xuízo futuro, canto a levou dun lado a outro o amor da máis alta caridade, canto a abrasou o ardor fervoroso da esperanza divina e da fe a ela, a quen non cansaron os camiños de todo o mundo, non detiveron mares procelosos e grandes ríos, non desalentaron a altura e a cruel aspereza dos montes, non amedrentou a crueldade ferocísima de xentes impías, senón que levou a cabo totalmente toda a devoción do seu desexo, coa axuda do Señor, con audacia inquebrantable?

Por iso, queridísimos irmáns, por que non nos avergonzamos nós, que gozamos de forzas corporais e dunha saúde íntegra, de que unha muller levase a cabo o santo exemplo do patriarca Abraham, que conduciu con fortaleza o seu fráxil sexo feminino, como se fose ferro, para conseguir o premio infinito da vida eterna? Porque, mentres pisa este mundo coas penurias das súas privacións, gañou o paraíso co seu descanso e a gloria da súa felicidade. Ela, que naceu na costa máis afastada do océano occidental, fíxose coñecer en Oriente. Mentres buscaba un remedio para a súa alma, deu a moitas almas un testemuño admirable de como seguir a Deus. Aquí non quixo ter descanso, para chegar con fe á gloria eterna coa palma da vitoria. Aquí castigou o corpo terreo cunha carga terrea, para prepararlle ao Señor do ceo unha alma celestial e inocente.

Aquí traballou como peregrina con libre e voluntariamente, para herdar o reino celeste no medio do coro de santas virxes, coa gloriosa raíña do ceo, a nai do Señor, María.

Namentres, queridísimos, nós que nos consagramos voluntariamente a servir ao Señor co hábito da relixión, mesmo cando non sexamos capaces de merecer a graza do Señor igualando os méritos do exemplo indescribible dunha muller tan grande, de todos xeitos, posto que son moitos os camiños dos méritos que levan a patria única do reino dos ceos, na medida en que se manteña, coa axuda do Señor, o ánimo nos nosos traballos, vixilias, xaxúns, nas oracións constantes e nos diversos exercicios do servizo que impón a nosa regra, así nos debemos preparar infatigablemente día e noite e absternos de todo pracer ilícito, das seducións do mundo e de diversas faltas. Non sexa que, mentres malgastamos por negligencia este corto espazo de tempo, no momento en que ela, coas santas virxes alí onde nesta vida peregrinou a pé, saia ao encontro do Señor coa súa lámpada acendida co aceite dunha espléndida santidade, no medio do aire, con grande alegría e en compañía dos demais santos, nós –que Deus non o permita– pechadas as portas e coas lámpadas apagadas, quedemos fóra separados e desgraciadamente apartados, e que pidamos en van a entrada na vida os que esperamos a chegada do Señor sen facer nada, con desidiosa preguiza.

Lembremos as palabras do noso Señor que din: *marchade mentres tedes luz, non sexa que vos collan as tebras. E: quen perseverase ata o fin, este salvarase*. Porque, tal e como cada quen sae de aquí presentárase no xuízo, para que cada un reciba segundo as súas obras.